



RESOLUCIÓN do 29 de outubro de 2021, da Subdirección Xeral de Plans e Programas da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se fan públicas as listaxes de solicitudes suxeitas a emenda e as solicitudes en motivo de inadmisión, presentadas ao abeiro da Resolución do 6 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se procede á segunda convocatoria do ano 2021 para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a adquisición de equipamentos deportivos (código de procedemento PR949A).

TEXTO

No Diario Oficial de Galicia número 179 do 16 de setembro de 2021 publicouse a resolución do 6 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se procede á segunda convocatoria do ano 2021 para a concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a adquisición de equipamentos deportivos (código de procedemento PR949A). O prazo de presentación das solicitudes rematou o 18 de outubro de 2021.

Segundo o disposto na base 11ª do anexo I do Resolución do 5 de xaneiro de 2021, tras seren recibidas as solicitudes, o órgano instrutor revisará os expedientes e publicará no DOG e na páxina web da Secretaría Xeral para o Deporte (<http://deporte.xunta.gal/>) a relación de entidades que deben emendar as deficiencias das súas solicitudes e as inadmitidas para que os interesados poidan presentar alegacións ou achegar a documentación que consideren oportuna.

Tendo en conta as razóns de interese público motivadas na necesidade facer efectivas a tramitación, resolución e pagamento da convocatoria e posibilitar a transferencia de fondos ás entidades beneficiarias co obxectivo de posibilitar a adquisición do equipamento deportivo solicitado co fin de contribuír á modernización e actualización do material deportivo necesario para o adecuado exercicio da práctica deportiva do que dispoñen as citadas entidades no presente exercicio, faise preciso acordar a tramitación de urxencia na instrución do procedemento aos efectos de reducir os prazos á metade.

Tendo en conta o exposto, a Subdirección Xeral de Plans e Programas

RESOLVE:

Primeiro. Publicar a listaxe de solicitudes que se deberán emendar por presentar a documentación incompleta ou con erros. Tal relación recóllese no anexo I desta resolución, ordenada alfabeticamente.

Segundo. Publicar a listaxe de solicitudes provisionalmente inadmitidas e o motivo da inadmisión. Tal relación recóllese no anexo II desta resolución, ordenada alfabeticamente. Tamén se sinala a necesidade de enmendar a solicitude presentada, ademais do motivo de inadmisión.

Terceiro. Estas listaxes publicaranse no Diario Oficial de Galicia e exporanse tamén na páxina web <http://deporte.xunta.gal/>.



Cuarto. Segundo o disposto no artigo 33 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo, común das administracións públicas, acórdase a tramitación de urxencia na instrución do procedemento, tendo en conta as razóns de interese público motivadas na necesidade facer efectivas a tramitación, resolución e pagamento da convocatoria e posibilitar a transferencia de fondos ás entidades beneficiarias co obxectivo de posibilitar a adquisición do equipamento deportivo solicitado co fin de contribuír á modernización e actualización do material deportivo necesario para o adecuado exercicio da práctica deportiva do que dispoñen as citadas entidades no presente exercicio.

Quinto. Os interesados poderán formular reclamacións, emendar erros e achegar os documentos que entendan oportunos nun prazo de cinco (5) días hábiles, contados desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia. Despois de que transcorra este prazo sen que se emenden as deficiencias, considerarase que o interesado desiste da súa petición, de conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, e logo da correspondente resolución, nos termos previstos no seu artigo 21.

Santiago de Compostela

Jorge Rubén Sampedro Grande

Subdirector xeral de Plans e Programas





ANEXO I

Solicitudes con documentación pendiente ou que precisa ser emendada

Motivo de emenda:

Anexo III	É necesario emendar Anexo III
Anexo IV	Falta / é necesario emendar Anexo IV
Anexo V	Falta / é necesario emendar Anexo V
Anexo X	Falta a acreditación da representación (Anexo X)

Entidade	NIF	Motivo
Ames Atletismo	G70594940	Anexo IV con data anterior a convocatoria
Club Alpino Manzaneda – Club Alpino Ourenán	G32010613	Anexo IV con data anterior a convocatoria
Club Arco Xeve	G94152352	Anexo IV con data anterior a convocatoria
Club Deportivo Lucus Rally	G16916603	Anexo IV e V sen asinar
Club Escuela Deportiva Cotobade	G36524411	Anexo IV e V. Anexo III incompleto.
Federación Galega de Voleibol	V15067978	Anexo IV sen sinatura

ANEXO II

Solicitudes e motivo de inadmisión

En motivo da inadmisión:

AEAT:	Non está ao día das obrigas tributarias
Atriga:	Débedas coa Axencia Tributaria de Galicia
SS:	Non está ao día no cumprimento das obrigas fronte á Tesourería Xeral da Seguridade Social ou non presenta o certificado tras opoñerse á consulta
MNS:	Material non subvencionable e/ou inferior ao gasto mínimo subvencionable
Non RED:	A entidade non está inscrita no Rexistro de Entidades Deportivas de Galicia
Presentación Sede Electrónica:	A solicitude non se presentou a través da Sede Electrónica polo procedemento PR949A
Base 3ª:	Non reunir as condicións de persoa beneficiaria segundo o disposto na base 3ª do anexo I da Resolución do 5 de xaneiro de 2021.
**	Ademais dun motivo de inadmisión presenta algún motivo de emenda segundo o Anexo I.





Beneficiaria en 2021	Beneficiaria na primeira convocatoria de equipamentos deportivos de 2021
----------------------	--

Os certificados da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), da Axencia Tributaria de Galicia (Atriga) e da Tesourería Xeral da Seguridade Social (SS) que acheguen as entidades mencionadas na seguinte táboa para acreditar que se atopan ao corrente das súas respectivas obrigas deberán estar expedidos o mesmo día da sinatura desta resolución ou nunha data posterior.

Entidade	NIF	Motivo
A Estrada Futsal	G36308625	AEAT
Agrupación Deportiva e Cultural Abadiense de Vetaranos	G27483213	MNS
Amegrove Club de Remo	G36037950	AEAT
As. Deportiva Sociedad Río Cabe	G27389907	Atriga
Asoc Club de Balonmano Arousa	G94186038	AEAT
Asoc de Cans Deportistas	G70135660	AEAT
Asoc Escola de Kick Boxing "Cipri Gomez"	G32352478	AEAT
Asoc Xuventude Sta Teresita	G32227043	AEAT
Asociación Deportiva e Cultural A Capela	G15138480	MNS
Bs Rally Team	G01702075	MNS
Bueu Atlético Balonmán	G36039683	Beneficiaria en 2021
Club Atletismo Milla Raio	G70193313	AEAT
Club Atletismo Santiago	G70389721	AEAT
Club Balonman Poio - Artai	G01856996	AEAT
Club Balonman Ribadosar	G70327655	AEAT
Club Balonmano Reconquista De Vigo	G27871375	AEAT
Club Basquet Coruña S.A.D.	A15565054	AEAT
Club Ciclista Compostelano	G15065642	MNS
Club Ciclista Ribadumia	G94181039	AEAT
Club Ciclista Tambre Bike	G70389861	AEAT
Club de Hockey Compostela	G70160114	AEAT
Club de Montaña Quixos	G27255827	AEAT
Club de Patinaxe Sarela	G70382684	AEAT
Club de Remo Mecos El Grove	G36048684	AEAT
Club de Tenis A Pedralba	G15723281	AEAT
Club de Tenis A Tobeira	G36762185	AEAT
Club del Mar de Mugardos	G15097363	AEAT
Club del Mar de San Amaro	G15057870	Beneficiaria en 2021
Club Deportivo Bball Ourense	G32475295	AEAT
Club Deportivo Choco-Redondela	G36041994	AEAT
Club Deportivo Cultural Ribeiro.	G32102279	AEAT
Club Deportivo Dodro	G15789266	MNS, AEAT
Club Deportivo Flechas por un Tubo	G70583158	MNS





Entidade	NIF	Motivo
Club Deportivo Kung Tai	G94144490	MNS
Club Deportivo Millarengo Cultura	G70311980	AEAT
Club Deportivo Paddle Mera	G70579958	AEAT
Club Deportivo Seungsport	G27810761	MNS
Club Deportivo Velle	G32147761	AEAT
Club Deportivo Vilagarcia Tenis De Mesa	G94127768	AEAT
Club Escola de Fútbol DSF	G94174075	MNS
Club Escola Rosalia	G27827856	AEAT
Club Escolas Deportivas Municipais de Salceda	G36352854	AEAT
Club Escuela Deportiva Cotobade*	G36524411	MNS
Club Fluvial Avion	G32385304	AEAT
Club Fluvial de Lugo	G27008549	AEAT, SS
Club Hípico Coles	G32363145	AEAT
Club Kickboxing C.Juancho	G70280458	AEAT
Club Loita Lugo	G27378520	SS
Club Marítimo de Panxón	G27853514	Atriga
Club Natacion Ferrol	G15245038	AEAT
Club Nautico Firrete De Puentedeume	G15080831	AEAT
Club Noia Futbol Sala	G15359847	AEAT
Club Numero Phi	G94185964	AEAT
Club Orense Baloncesto,S.A.D	A32159287	AEAT
Club Padel Bergantiños	G70533765	AEAT
Club Patinatur	G32403917	AEAT
Club Polideportivo Esclavas	G70269089	AEAT
Club Rugby Ferrol	G70176227	AEAT
Club San Tirso S.D.	G15254774	AEAT
Club Taboada Feminino F.S.	G27502723	MNS
Club Universitario De Ferrol	G15659261	AEAT
Club Vilas-Alborada Judo	G70431325	AEAT
Clube Deportivo Fundacion Cipri Gomes	G32473316	AEAT
Clube Deportivo P21 Padel Club	G32419699	AEAT
Congotra Team Sanxenxo	G36576346	MNS
Corujo Club de Futbol	G36708212	AEAT
Escolas Deportivas Nogueira de Ramuin	G32478034	AEAT
Federación Galega de Voleibol*	V15067978	SS
Federacion Gallega de Columbicultura	G32133951	AEAT
Federacion Gallega de Esqui Nautico	G32185738	AEAT
Federacion Gallega de Hockey	G32172058	AEAT
Grove Surf Club	G94056223	AEAT
Hercules Club de Golf	G15559594	AEAT
Hockey Oroso	G70593132	AEAT
Lugo Running Club	G27462308	AEAT
Miguez Team Club Deportivo	G32455024	AEAT
Monte Real Club de Yates	G36623346	SS
Muralla Rugby Club	G27103423	AEAT





Entidade	NIF	Motivo
Oroso FS Clube Deportivo	G70345640	AEAT
Oroso Tenis de Mesa	G70238886	AEAT
Peña Veteranos De Fútbol De Maside	G32421919	MNS
Pontevedra CF SAD	A36029577	AEAT
Racing Club Villalbes	G27119858	AEAT, Atriga
Real Club Celta de Vigo SAD	A36609105	AEAT
SD Juvenil Ponteareas	G36195550	Atriga
Sociedad Cultural y Deportiva Atlantida De Matamá	G36620854	AEAT
Sociedad Deportiva Atl.Novas - O Rosal	G36105542	AEAT
Sociedad Deportiva Teucro Pontevedra	G36041978	AEAT
Sociedade Deportiva Compostela	G70000385	AEAT
Tomiño C.F. Feminino	G94015278	MNS
Vigo Mafia Surf Club	G27832534	AEAT
Vigo Rugby Club	G36680924	AEAT